

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: TC 70/2024. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA ADQUISICIÓN DA OBRA EN MEMORIA DOS REPRESALIADOS FRANQUISTAS, DO AUTOR JORGE LÓPEZ PÉREZ, PARA O CEMITERIO MUNICIPAL.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: TC 70-2024, por un importe total de 9.559,00 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da adquisición dunha obra en memoria dos represaliados franquistas, do escultor Jorge López Pérez, para o Cemiterio Municipal.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1861/2024 do 16.12.2024, así como o mandamento contable RCMOD Ref.: 83664/2024, do 12.12.2024 obrante no expediente.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións do mesmo subprograma de gasto (16400), polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos (TC 70/2024) a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 9.559,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
16400.21000	9.559,00 €	16400.63200	24XX00018	9.559,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	9.559,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		9.559,00 €

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-12-17 10:53:40.00)

CVD: wr0qIXGoIdi43UNO6jka

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 12062/2024

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac1556914778127488474.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 70-2024

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.